



**ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO ELÉCTRICO
PARA SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE
PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS**
Concello de Cangas

FEBREIRO 2017

1 MEMORIA DESCRIPTIVA

1.1. Autor do encargo

O documento se redacta a instancias da concellaría de Obras e Servizos do Concello de Cangas.

1.2. Obxecto

O obxecto deste documento é a dotación de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns do Concello de Cangas.

1.3. Xustificación da dotación:

O Concello de Cangas presta unha especial atención ao ambiente urbano, a limpeza de rúas e o mantemento das zonas de xardín en xeral, tendo suma importancia o benestar dos cidadáns, para o cal é imprescindible contar cuns servizos eficientes e maquinaria específica que permita acadar os obxectivos previstos.

A conservación da calidade dos parques e xardíns implica a realización dunha serie de traballos de mantemento nas zonas verdes ao longo do ano segundo o ciclo vexetativo das diferentes especies. Así pois, os traballos realizados teñen coma obxectivo tanto os aspectos estéticos da vexetación como o bo estado estrutural e fitosanitario.

Cada parque e xardín é diferente e require un mantemento específico e están repartidos por distintas zonas do noso concello polo que resulta imprescindible a dotación dun vehículo para o transporte tanto dos traballadores asignados ao servizo como a maquinaria e útiles necesarios para desenvolver o seu traballo.

Para mellorar a eficacia no traballo de mantemento dos xardíns públicos e o nivel de ornato nos mesmos dentro do plan para a optimización e planificación dos recursos tanto humanos coma técnicos e materiais cun estudo das tarefas e necesidades, a dotación dun vehículo de transporte e grande manexabilidade permite continuar na liña da mellora dos servizos que se prestan aos cidadáns.

Grazas a mobilidade deste tipo de vehículos evitamos o esforzo de carga e transporte manual da maquinaria e utensilios dos traballadores municipais, facilita o traballo, ofrece unha grande capacidade de carga e optimiza os tempos de traslados entre as distintas zonas de xardíns públicos e parques con maior accesibilidade que moitos vehículos de maior tamaño, así os traballos de mantemento realízanse de forma máis rápida e eficiente.

O Concello de Cangas presta especial atención á necesidade de impulsar unha mobilidade sostible e este tipo de vehículos eléctricos, pola súa condición de coches pouco ou nada contaminantes, polas súas baixas ou nulas emisións de CO₂, así como pola súa contribución na diminución da contaminación acústica fai que sexan unha aposta polo medioambiente. Obtense unha importante redución na emisión de contaminantes atmosféricos así como un considerable aforro enerxético e económico, conseguindo ser un claro exemplo da completa viabilidade práctica do vehículo eléctrico na mobilidade urbana.

1.4. Descrición da dotación:

Vehículo Eléctrico con plataforma basculante :



Vehículo eléctrico con suficiente autonomía nos desprazamentos polos distintos parques e xardíns públicos do concello de Cangas, que permita reducir as emisións contaminantes, aforro na recarga e de baixo mantemento.

De media, o consumo dun vehículo eléctrico de cidade é aproximado uns 15 kWh, isto tradúcese en 2€/100 km ou 0,80 €/100 km segundo o horario de recarga e comparado co equivalente diésel de gasto medio 5,5€/100 km, o aforro sería de 3€/100 km ou máis. É un feito que o vehículo eléctrico ten un número importante menor de pezas que un diésel ou de gasolina, en torno ao 90% o que tradúcese nunha redución nos custes de mantemento aproximada ou 20%, xa que, por exemplo, non precisa aceite para o motor, leva menos filtros e non hai que substituír nin revisar correas ou embragues, ademais as pastillas de freo duran máis, isto resulta relevante pois ao reducir o número de pezas non só alárgase a vida útil do motor se non tamén abarátase. Melloras prestacións, mellor eficiencia do motor eléctrico fronte ao de combustión, xa que mentres un motor de combustión ten unha eficiencia aproximada do 30% a do motor eléctrico alcanza o 75%, e dicir, necesita menos enerxía para un mesmo rendimento, co mesmo aporte enerxético as súas prestacións serían milliores.

2. MEMORIA DOS ELEMENTOS

2.1. Vehículo eléctrico para mantemento parques e xardíns:

- Vehículo eléctrico tipo Goupil ou similar
- Baterías de 320 Ah de plomo aberto
- Capacidade de carga mínima de 700 kg.
- Velocidade dende 30 km/h
- Autonomía mínima de 80 km.
- Sistema de mantemento da auga
- Freos eléctricos con recuperación de enerxía
- Transmisión automática
- Capacidade de remolcado mínima de 2500 kg
- Plataforma basculante
- Alzas laterais abatibles e alzas suplementarias.
- Documentación matriculación



2.2. ORZAMENTO



A valoración desta actuación para a dotación/adquisición ascende á cantidade de dezasete mil novecentos cincuenta euros, sumando o I.V.E. ascende a cantidade de vinteun mil setecentos dezanove con cincuenta euros(21.719,50€)

Cangas, febreiro de 2017

Departamento técnico